# 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación - LATÍN 1º BACH. -

**1ª Avaliación**

**Cálculo da nota da 1ª avaliación:**

- 60% da nota: corresponderá á parte das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) relacionada co Bloque1 de contidos “Comprensión e interpretación dos textos“.
- 30%: para a outra parte das probas escritas relacionada cos Bloques de contidos 2, 3 e 4: “Latín e plurilingüismo”, “A antiga Roma” e “Legado e patrimonio”, respectivamente.
- 10%: corresponderá á realización dun traballo individual por trimestre, que se presentará por medio da aula virtual e será tamén obxecto de exposición na aula.

Nas tres avaliacións, serán valoradas positivamente, as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións, ademais do esforzo individual na boa realización das tarefas cotiás encomendadas.

**Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:**

Dada a natureza desta materia, baseada fundamentalmente en contidos teórico-prácticos de carácter progresivo, aplicarase o procedemento de avaliación continua, polo que non haberá recuperacións intertrimestrais. O feito de aprobar unha avaliación, implica a superación dos contidos da avaliación anterior, no caso de telos suspensos. Polo tanto, unha cualificación negativa nesta 1ª avaliación, darase por recuperada na 2ª avaliación, sempre que se obteña unha cualificación positiva na mesma.

**2ª Avaliación**

**Cálculo da nota da 2ª avaliación:**

Cfr. 1ª avaliación:

- 60% da nota: corresponderá á parte das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) relacionada co Bloque1 de contidos “Comprensión e interpretación dos textos“.
- 30%: para a outra parte das probas escritas relacionada cos Bloques de contidos 2, 3 e 4: “Latín e plurilingüismo”, “A

| | |
|---|---|
| | antiga Roma” e “Legado e patrimonio”, respectivamente.<br>• 10%: corresponderá á realización dun traballo individual por trimestre, que se presentará por medio da aula virtual e será tamén obxecto de presentación na aula. |
| | **Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:**<br>Cfr. 1ª avaliación:<br>Unha cualificación negativa nesta 2ª avaliación, darase por recuperada na 3ª avaliación, sempre que se obteña unha cualificación positiva na mesma. |
| **3ª Avaliación** | **Cálculo da nota da 3ª avaliación:**<br>Cfr. 1ª e 2ª avaliación:<br>• 60% da nota: corresponderá á parte das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) relacionada co Bloque1 de contidos “Comprensión e interpretación dos textos“.<br>• 30%: para a outra parte das probas escritas relacionada cos Bloques de contidos 2, 3 e 4: “Latín e plurilingüismo”, “A antiga Roma” e “Legado e patrimonio”, respectivamente.<br>• 10%: corresponderá á realización dun traballo individual por trimestre, que se presentará por medio da aula virtual e será tamén obxecto de presentación na aula. |
| | **Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:**<br>➢ Todo o alumnado que non acadase unha cualificación positiva na 3ª avaliación, tendo as anteriores aprobadas, fará unha proba de recuperación desta avaliación, baseada nos contidos lingüísticos e culturais vistos na mesma, que ponderarán un 60% e un 40% respectivamente e non se terán en conta os traballos nin as actividades feitas no trimestre.<br>➢ Todo o alumnado que non acadase avaliación positiva na 3ª avaliación, tendo as anteriores suspensas, fará unha proba ordinaria final, baseada nos contidos lingüísticos e culturais vistos ao longo do curso, que ponderarán un 60 % e un 40% respectivamente dentro da nota, con estrutura semellante ás |

| | |
|---|---|
| | parciais, valorándose sobre un 100% a súa nota. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán que ver coa adquisición dos contidos mínimos. |
| **Cualificación final** | **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**<br>A cualificación da avaliación ordinaria obterase en función da nota media das tres avaliacións. Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións ten que figurar unha cualificación de 5 puntos, como mínimo. Porén, tamén se terá en conta a evolución do alumnado en interese, esforzo, etc. ao longo do curso. |
| **Proba Extraordina-ria** | **Consistente en:**<br>Con estrutura semellante ás parciais, valorándose sobre un 100% a súa nota (non se terán en conta os traballos realizados ao longo do curso).<br>- Unha parte práctica consistente en:<br>• Texto. Tradución ao galego ou castelán, dun texto latino adaptado, cun grao de dificultade semellante aos traballados ao longo do curso (50%)<br>• Gramática. (10%)<br>- Unha parte teórica que incluirá contidos lingüísticos e culturais, que ponderarán un 40% dentro da nota |
| **Alumnado de materia pendente** | **Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:**<br>Daráselle a este alumnado a posibilidade de elección entre dúas opcións:<br>**1**- Realización dunha serie de tarefas e exercicios prácticos correspondentes ós 4 bloques de contidos da materia de Latín I, entregados pola docente correspondentes a cada avaliación. Estas actividades de avaliación, (nas que se valorará positivamente a súa corrección e a entrega en prazo e forma) computarán sobre un 20% da cualificación, e o restante 80 % corresponderase coa proba obxectiva que se realizará trimestralmente. Esta terá en conta os contidos mínimos cos que se foi traballando. A superación da materia de cada trimestre suporá o aprobado da materia, seguindo o apuntado anteriormente. |

| | |
|---|---|
| | **2-** Sustituir as probas trimestrais por unha única proba ordinaria no mes de febreiro, que incluiría toda a materia. De obter unha cualificación positiva, daríase por superada a materia. Pola contra, o alumnado que acadase un resultado negativo, tería que presentarse á proba extraordinaria do mes de abril. |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:** |
| | **Procedementos:**<br>Basearanse na consecución das **competencias clave imprescindibles,** na adquisición dos **coñecementos e contidos mínimos** programados para o curso e no logro dos **obxectivos mínimos** da materia.<br>A avaliación será **continua** |
| | **Instrumentos:**<br>1. Esquemas e resumos de textos e comentarios dos mesmos.<br>2. Actividades de busca de fontes diversas, incluídas as TIC, e comentarios de textos, mensaxes ou imaxes.<br>3. Actividades baseadas na busca de información sobre a orixe das linguas faladas.hoxe en día en Europa, clasificándoas, mediante mapas, en indoeuropeas e non indoeuropeas e a rama lingüística á que pertencen.<br>4. Elaboración de esquemas conceptuais, cadros sinópticos e resumos das principais etapas no proceso de conquista de Hispania, así como os seus fitos máis importantes, de xeito especial na Gallaecia.<br>5. Actividades sobre etimoloxías das palabras aplicando as regras evolutivas e coñecemento e comparación cos termos herdados, distinguindo os patrimoniais dos cultismos.<br>6. Actividades sobre formacións de palabras e coñecemento de vocabulario específicos.<br>7. Emprego de latinismos en distintos textos.<br>8. Comprensión e uso dos paradigmas latinos.<br>9. Prácticas de análise morfosintáctica e tradución de textos adaptados.<br>10. Uso das TIC como instrumento para a realización de tarefas, central ou complementario en función das mesmas. |

| **Metodoloxía e actividades para a preparación da avaliación ordinaria e extraordinaria.** | |
|---|---|
| **Metodoloxía** | - Para o alumnado que presentase problemas na asimilación dos diversos contidos tratados ao longo do curso e, por tanto, tivese que presentarse á proba ordinaria e extraordinaria, no caso de suspender a ordinaria,<br>faranse actividades de reforzo e recuperación sobre os catro |

| | |
|---|---|
| | apartados en que se estrutura cada tema: legado, léxico, lingua e traducción de textos. Poderanse realizar mediante exercicios ou textos das distintas unidades, xa traballados ou non ata o momento nas actividades de desenvolvemento, ou extraídos das diversas páxinas web que tratan contidos desta materia. |
| **Actividades tipo** | 1. Esquemas e resumos de textos e comentarios dos mesmos.<br>2. Actividades de busca de fontes diversas, incluídas as TIC,e comentarios de textos, mensaxes ou imaxes.<br>3. Actividades baseadas na búsqueda de información sobre a orixe das linguas faladas.hoxe en día en Europa, clasificándoas, mediante mapas en indoeuropeas e non indoeuropeas e a rama lingüística á que pertencen<br>4.Elaboración de esquemas conceptuais, cadros sinópticos e resumosdas principais etapas da Hª de Roma e o proceso de conquista de Hispania, así como os seus fitos máis importantes, de xeito especial na Gallaecia.<br>5. Actividades sobre etimoloxías das palabras aplicando as regras evolutivas e coñecemento e comparación cos termos herdados distinguindo os patrimoniais dos cultismos.<br>6.Actividades sobre formacións de palabras e coñecemento de vocabularios específicos.<br>7. Emprego de latinismos en distintos textos.<br>8. Comprensión e uso dos paradigmas latinos.<br>9. Prácticas de análise morfosintáctica e tradución de textos adaptados.<br>10. Uso das TIC como instrumento para a realización de tarefas, central ou complementario en función das mesmas. |
| | |
| **Materiais e recursos** | - Exercicios extraídos do propio libro de aula e outros complementarios<br>- Diversidade de páxinas web con contidos teórico- prácticos desta materia.<br>- documentais, películas, lecturas sobre a parte de historia e civilización e cultura<br>- etc |